




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Illas Atlánticas Exteriores. Municipio: Bueu. Parroquias: San Xoaquín da Illa de Ons, anexo parroquial de Santa María de Beluso. Extensión: 2,59 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

A cara exterior da illa de Ons e a illa de Onza caracterízanse por presentar vertentes sometidas a unha intensa dinámica erosiva. A liña de costa está moi recortada, con tramos de potentes acantilados de perfil convexo modelados sobre o substrato granítico dominante na unidade. As pendentes son en xeral elevadas con tramos que se aproximan á verticalidade. O relevo é o resultado da intensa erosión do macizo granítico sempre condicionado pola rede de fracturas. Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade está claramente dominada por unha composición litolóxica baseada en granitos de feldspato alcalino que presenta numerosas fracturas xeralmente de dirección O.-E. Aínda que en sentido N.-S. aparecen tamén numerosas manifestacións de micaxistos, cuarxosistos e paragneises pertencentes ao Complexo de Cabo Home – A Lanzada, que polo común se presentan en forma de lentellóns.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo de costa insular baixo condicións climáticas homoxéneas caracterizadas por un réxime ombrotérmico cálido e húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 150C; a amplitude térmica rolda os 130C e as precipitacións medias acumuladas oscilan entre os 1200mm e 1400mm ao ano.

#### OS SOLOS

A natureza acantilada da illa de Onza e da vertente exterior da illa de Ons impide a formación de solos evolucionados, polo que dominan os solos novos esqueléticos tipo regosol e, naqueles sectores con importantes afloramentos de rocha en superficie, do tipo letposol lítico.

#### AS AUGAS

As pronunciadas pendentes da illa de Onza e do exterior da illa de Ons limitan a rede hidrográfica. Trátase de profundos leitos furados por regatos temporais que aproveitan as liñas de debilidade do relevo, dando saída aos caudais que transportan nas praias e entrantes costeiros. A maior parte do exterior da illa de Ons encóntrase baixo o influxo da masa de Augas Costeiras 20152, mentres que o seus extremos setentrional e meridional, así como a illa de Onza por enteiro, englobanse dentro da masa de Augas Costeiras 20151.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Potentes acantilados graníticos co hábitat 1230, cantís mariños atlánticos. Aparece o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, na base dalgúns acantilados, praias de coios e plataformas. Algunhas covas e bufadeiros, coma o de Fedorento, inclúen o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas e semimergulladas. Nas vertentes dominan as matogueiras secas, hábitat 4040, breixeiras secas atlánticas de Erica vagans e 4030, breixeiras secas europeas, pero nas valgadas e alvéolos presentan breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix (hábitat 4020). Finalmente, son frecuentes os afloramentos dispersos, sobre todo nos extremos meridional e setentrional da unidade, incluíndo os ambientes do grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Cóntase con numerosas citas do taxon vulnerable protexido Citysus insularis.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O principal uso das illas, especialmente dende a súa declaración como Parque Nacional Illas Atlánticas en 2002, é o turístico que xunto coa actividade pesqueira e marisqueira é o principal sustento económico da poboación vinculada a Ons. A cara exterior da illa de Ons e a illa de Onza caracterízanse por presentar unha continua e densa masa de formacións vexetais costeiras. A súa franxa costeira está dominada claramente por grandes acantilados de fortes pendentes con presenza dalgunha praia e algún illote coma o de Freitaso, Xubenco e Centolo Grande. Na illa de Onza a continuidade dos acantilados só está interrompida polos areais das Moscas e Onza Sur. A única edificación existente é o faro.

#### MORFOLOXÍA

Nesta cara do arquipélago non podemos falar de relacións morfotipolóxicas debido a que as únicas edificacións son as instalacións do faro de Ons. En Onza non existe ningunha edificación, xa que se trata dunha illa pequena, polo tanto a súa morfoloxía responde ás mostras xeomorfolóxicas e naturais anteriormente descritas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede camiñeira está constituída unicamente por sendas de terra. A pista principal recorre a unidade dende Punta do Centolo ao norte ata o Monte Espaduada ao sur, transitando paralela á fachada litoral e adaptándose á topografía do terreo. O resto da rede son camiños que parten dende a vía principal vertebrando o conxunto da unidade. Na illa de Onza, dado o seu pequeno tamaño, non existe ningún tipo de vía de comunicación.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A illa de Ons xa estaba habitada na Idade do Bronce, como teñen posto de manifesto os numerosos achados, tales como o cofecido machado de talón, de materiais desta época e atopados por toda a superficie insular. Non obstante non se encontra nesta unidade ningún patrimonio catalogado.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade xunto coa de Ons interior, constitúen o arquipélago das Illas Ons. Este arquipélago presenta unha gran riqueza natural e paisaxística, ademais posúe unhas características socio-histórico-etnográficas que, xunto coa súa arquitectura popular mariñeira, a súa gastronomía e a súa inclusión no primeiro Parque Nacional de Galicia, convérteno nun gran atractivo turístico.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

A principal dinámica observada é o abandono das terras de cultivo como consecuencia da emigración da poboación insular ao continente e da reconversión xeral do arquipélago cara o uso turístico. Este novo uso leva consigo a ampliación das súas infraestruturas viarias e servizos (pasarelas de madeira, posto da Cruz Vermella, colectores de lixo...).


#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

O arquipélago de Ons de aparencia verde azulada móstrase integrado na inmensidade do océano. Neste contexto, é doado entender que o valor ecolóxico do medio mariño sexa incalculable, e que entre as súas augas se conserven algúns dos exemplos máis representativos de ecosistemas mariños atlánticos, os cales atesouran unha gran riqueza biolóxica. O medio mariño do parque é un mosaico de hábitats distintos que sustentan unha extraordinaria diversidade de especies de flora e fauna. No tocante ao medio terrestre, fortemente influenciado tamén pola proximidade do océano, destacan os sistemas dunares, os acantilados e as matogueiras de toxo e breixo. Tamén na parte emerxida das illas encontramos hábitats considerados de interese comunitario ou prioritario polas directivas europeas. A unidade Ons exterior e Onza presenta por tanto un elevado valor natural e paisaxístico outorgado polos seus grandes acantilados repletos de covas e bufadeiros, entre os que destaca o Buraco do Inferno. A súa posición na entrada da ría de Pontevedra favoreceu a instalación do faro existente, a ampla cunca visual que se obtén dende esta localización sobre a costa galega convérteo nun fito paisaxístico de referencia do litoral. Os puntos dende os que se obteñen mellores panorámicas do litoral e do conxunto do arquipélago son o Monte Espaduada, o Faro de Ons, a punta de Fedorento e o Monte Centolo. Nos días despexados tanto esta unidade coma o resto de unidades que se encontran dentro do sector de Illas Atlánticas son observables dende os miradores de A Curota (Concello de A Pobra) ao norte e A Grova (Concello de Baiona) ao sur.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



